

Taller de Estimulación da Linguaxe

ANANAS NA
BRANCA

CEIP Virxe da Barca



@pilimestraal



Obxectivo xeral do taller: desenvolver a linguaxe oral e as habilidades para a adquisición da lectoescritura.

Obxectivos específicos: especificados en cada sesión de traballo que se enviará semanalmente.

Estructura:

- Semana 1: Atención, memoria e comprensión oral.
- Semana 2: Discriminación e memoria auditiva.
- Semana 3: Conciencia léxica e silábica.
- Semana 4: Conciencia fonolóxica..
- Semana 5: Vocabulario.
- Semana 6: Pragmática.

Metodoloxía: tentaremos crear, en todo momento, un ambiente lúdico á hora de realizar as actividades. As actividades que se propoñen, irán con unha explicación do que hai que facer, pero se nalgún momento non se entende algo ou hai dúbidas, podedes enviarme un correo electrónico a pilarrima@gmail.com

Haberá actividades que irán secuenciadas por cursos, polo que soamente deberedes de buscar á do curso corresponde e outras que serán globais para todos.

Cando aparezan varias actividades, non as fagades todas do tirón senón distribuídeas pola semana. O ideal sería facer uns 30-35 minutos ao día, repasando as actividades das semanas anteriores.

Podedes imprimir, recortar, pintar, etc. o material que envío se tedes medios para facelo. Canto máis lúdico o fagades, mellor! Traballar ten que resultar divertido!

Moito ánimo!



Pili


Ola compis! Chámome
Pepe e vivo na
granxa da Barca.
Como estades?
Quero presentarvos
aos meus colegas!








Rato Pepe




Cadela Malta




Gata Cuqui




Galo Kiko




Galina Pita




Polño Mimi




Burro Cholo




Cabalo Paco




Pata Lula



Vaca Violeta



Ovella Linda



Porco Ramón



Coello Lolo

A colorful illustration of a farm scene. In the foreground, a large wooden sign with a white background and a brown border contains text. To the left of the sign, a brown hen stands with two small yellow chicks. To the right, a red barn with white trim and a white windmill with four blades are visible. The background features rolling green hills, a bright yellow sun, and a blue sky with white clouds.

Semana 1. Atención, memoria e comprensión oral.


Objetivos:

1. Potenciar o desenvolvimento da atención, da memoria e da comprensión oral.
2. Aumentar o tempo de atención.

Contidos:

- Desenvolvimento da atención, da memoria e da comprensión oral.
- Temporalización da atención.


Actividades →

A vibrant illustration of a farm scene. In the foreground, a large red barn with white trim and a white windmill with four sails are visible. The background features rolling green hills, a bright yellow sun, and a blue sky with white clouds. A wooden signpost is positioned in the center, containing text.

Actividade 1. (4º,5º e 6º de Educación Infantil)

Pepe e os Contacontos:

Todas as noites antes de ir durmir, Pepe e moitos dos habitantes da granxa reúnense na palleira para contar contos. Cada un dos animais escoita con atención as historias contadas porque ao final todos realizan preguntas. Gaña UN PUNTO o que acerta e perde UN PUNTO o que non o fai.

A cartoon illustration of a brown hen with a red comb and wattle, standing next to two small yellow chicks. They are positioned in the lower-left corner of the signpost.

Os contos presentados a continuación, xunto coas preguntas, contarános diferentes persoas (mamá, papá, avoa...). Cada conto será lido por un animal da granxa poñendo a voz correspondente.

Conto do coello Lolo



O coello Lolo todos os días saía a pasear polos arredores da granxa. Unha mañá de domingo atopouse cun can ferido. Lolo preocupado preguntoulle: "Que che pasou?". E o can cunha voceciña respondeulle: "Un coche atropeloume e creo que teño unha pata rota, non podo moverme". O coello apresurouse por chegar á granxa en busca de axuda. O señor cabalo non dubidou nin un segundo en ofrecerse para rescatar ao can. Lolo axudou ao can a subir enriba do señor cabalo para poder levalo ao hospital máis preto. O can nunca esqueceu a axuda dos animais da granxa e, en agradecemento, regaloulles un reloxo de cores.

Fin



Preguntas:

1. Que animal estaba ferido?
2. A onde foi Lolo a pedir axuda?
3. Que lle regalou o can aos animais da granxa?

Conto do cabalo Paco



Hoxe é un día especial para o cabalo Paco porque vai nacer o seu primeiro fillo.

O último día que o veterinario estivo na granxa non conseguiu pescudar se o fillo era femia ou macho. Todos os animais esperan con ilusión a chegada do novo animalíño, a vaca, gatiña e ovella están axudando no parto, o resto de animais están acompañando ao señor cabalo. Ás 14:00 do mediodía, a ovella anunciou o nacemento de Rosiña, unha equa preciosa e sa como unha mazá.

Fin



Preguntas:

1. Que animal da granxa vai ser pai por primeira vez?
2. A que hora naceu a cría?
3. Cal é o nome do novo habitante da granxa?



Conto do porquiño Ramón

Ramón é un porquiño peculiar. Ten o corpo de cor rosa e unhas manchas brancas dentro das orellas, na punta do rabo e por debaixo das patiñas. Ramón destaca sempre onde vai.

Na granxa, todos os animais o queren e respectan aínda que sexa diferente. Ramón está preocupado porque mañá será o seu primeiro día de cole e cree que os e as compis de clase non o van querer por ser diferente. A súa mamá séntase xunto a el e dille: "Escoita con atención o que che vou dicir e non o esquezas nunca: aos seres vivos non se lles valora polo seu físico senón polo seu interior. Durme tranquilo esta noite porque mañá no cole todos os teus compis saberán ver o bo do teu interior.

"Fin



Preguntas:

1. Quen axudou a Ramón a tranquilizarse?
2. Por que está preocupado Ramón?
3. Que é o realmente importante dun ser vivo?

Conto do poliño Mimi



O poliño Mimi foi de excursión cos seus pais e os seus tres irmáns maiores. Mimi estaba un pouco canso e despois de media hora de paseo quedouse durmido enriba dunha pedra sen darse conta. Pasado algún tempo, o irmán maior de Mimi dixo: "Mamá, papá, irmanciños parade un momento, onde está Mimi? Non está detrás de min nin en ningún dos arredores"

Os familiares de Mimi organizáronse para atopar ao pequeno e o papá porco conseguiu atopalo por fin. Mimi aínda estaba durmido enriba da pedra.

Mimi nunca xamais volveu a perderse porque a partir daquel día, a súa nai decidiu que sempre iría o primeiro.

Fin



Preguntas:

1. Cantos irmáns ten Mimi?
2. Onde se quedou durmido Mimi?
3. quen atopou a Mimi?



Conto do vaca Violeta

A vaca Violeta é moi presumida e hoxe está contenta porque vai mercar á cidade.

Violeta unha vez ao mes queda coa súa familia da cidade para facer unha visita e aproveita para pasar polas tendas de roupa e renovar vestuario. Ademais de estar quapa, a Violeta gústalle charlar, por iso procura ir acompañada a calquera lugar. Nesta ocasión, foi a señora ovella a acompañante de Violeta á cidade.

O día non foi nada mal.

Violeta mercou un novo sombreiro con plumas de pavo real e a señora ovella uns zapatos vermellos moi relucentes.

Violeta espera ilusionada a súa próxima visita á cidade.

Fin



Preguntas:

1. Onde van Violeta e a ovella?
2. Que lle gusta a Violeta?
3. Que mercaron Violeta e a ovella?

Conto do galo Kiko

Esta noite, Kiko e os demais compañeiros do galiñeiro quedaron para ir ao cine. Avenciábase unha noite de rapaces!

A película comeza cedo así Kiko pode regresar pronto ao galiñeiro para espertar aos animais da granxa co seu potente "KIKIRIKI".

A película foi moi divertida, oíanse as risas ata na última fila da sala. O paquete de flocos de millo de cores era o máis grande de todos os que vendían e os refrescos de laranxa e limón.

Os habitantes do galiñeiro pasárono xenial!



Fin



Preguntas:

1. Onde foi Kiko?
2. Por que ten que regresar Kiko cedo a casa?
3. Que beberon e comeron?

Conto da ovella Linda

Linda ten todo o corpo cuberto dunha la suave e brillante.

Durante o inverno, Linda non pasa nada de frío porque a súa propia la resgádaa das baixas temperaturas.


Cando chega o verán, todas as ovellas da granxa téñense que esquilar para estar fresquiñas.

A la das ovellas vai para unha fábrica onde a venden e fabrican diferentes prendas de vestir.

Linda este verán foi a ovella máis premiada por ter a mellor la da Comunidade. A limpeza e outros cuidados de Linda tiveron a súa recompensa.



Fin



designed by freepik

Preguntas:

1. Cando se esquilan as ovellas?
2. Onde levan a la das ovellas?
3. Por que gañou Linda un premio?

Conto da gatiña Cuqui

Á gatiña Cuqui gústalle ler.

Na Biblioteca da granxa entretense lendo libros de aventura, medos e viaxes. Os libros preferidos de Cuqui son os que tratan de viaxes.

O último libro que leu foi o dunha ra trotamundos. A ra dera a volta ao mundo e no seu libro falaba sobre as comidas que probara, os animais tan interesantes que coñecera, os lugares tan divertidos que visitara, etc...

Cuqui cando le, imaxina estar vivindo o que le, por iso di que a Biblioteca é unha caixa de soños.



Fin



Preguntas:

1. Que lle gusta facer a Cuqui?
2. Cales son os libros favoritos de Cuqui?
3. Como chama Cuqui á Biblioteca?

Conto da cadela Malta

Malta protexe aos animais da granxa facendo garda sen descansar.

A porta grande da granxa é onde pasa máis tempo. Ninguén pode entrar na granxa sen dicir a Malta a súa identidade.

Non só Malta cuida do lugar porque o seu amigo Tristan bótalle unha man polas noites, se un descansa o outro vixía, así a granxa sempre está protexida.

Se algo extraño sucede, Malta e Tristan saben o que facer, ladran forte para que veñan reforzos e entre todos conseguen botar ao intruso do lugar.

Fin



Preguntas:

1. Quen vixía a granxa?
2. Onde pasa máis tempo Malta?
3. Como pide axuda Malta?

Conto da galiña Pita

A galiña Pita é a galiña máis poñedora de todo o galiñeiro.

Cada mañá, o primeiro que fai é tomar un bo almorzo de grans de millo e auga. Despois vai ao baño para limparse as súas plumas de cor marrón e as súas patas laranxas.

Cando toca a sirena, cada galiña colócase no seu posto para poñer ovos. Pita pon tres ovos con bastante facilidade e nada máis rematar axuda ás compañeiras que teñen dificultade.

Pita sempre pensa nos demais, por iso axuda en todo o que pode sen dubidalo.



Fin



Preguntas:

1. Que almorza Pita?
2. De que cor son as plumas de Pita?
3. Cantos ovos pon Pita?